

Programa Universitario de Maiores – Campus VIGO

Guía Docente: Curso 2024-2025

Información xeral:

Nome materia	"Historia de Galicia I"		
Código /Tipo	IV31434/Materia Optativa		
Titulación	Universitario/a Senior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	1,5	Total horas presenciais	15
Lingua impartición	Galego		
Lugar impartición*	Aula 214 Edificio anexo (Escola de Enxeñeiros Industriais, andar 2º)		
Curso / Semestre	Segundo Curso/ 1º Cuadrimestre	Horario*	Xoves 17:45-18:45 h
Coordinador/a	José Luis Mateo Alvarez		
Profesorado	José Luis Mateo Alvarez		
Correo-e	jmateoalvarez@gmail.com		
Observacións	Nº prazas: 50		

*Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.

Obxectivos xerais:

- Preténdese que os alumnos coñezan os fitos e feitos máis importantes da historia de Galicia.
- Preténdese que os alumnos coñezan e valoren o condicionamento do espazo xeográfico na historia de Galicia.
- Preténdese que os alumnos coñezan a orixe histórica e o contexto no que se sitúan as pegadas do noso pasado que teñen proxección no noso presente.
- Preténdese que os alumnos saiban relacionar o acontecido en Galicia no contexto da historia universal e, de maneira particular, na historia de península ibérica e España.
- Preténdese que os alumnos comprendan a relación entre a economía, a sociedade, a política e os aspectos ideolóxicos, relixiosos e culturais ó longo do tempo na historia de Galicia ata o século XVIII.

Metodoloxía docente:

- **Lección maxistral:** Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo.
- **Saída de estudio:** Propónse unha saída de estudio relacionada coa materia.

Contidos:

Tema 1	Introdución á materia e o interese pola historia de Galicia, a historiografía.
Tema 2	Cómo condicionou a xeografía á nosa historia.
Tema 3	O asentamento dos primeiros galegos.
Tema 4	De galaicos, celtas e castros.
Tema 5	O que lles debemos ós romanos.
Tema 6	O primeiro reino de Europa: 200 anos de reino suevo.
Tema 7	Galicia entre os reinos de Asturias, León, Castela e Portugal.
Tema 8	A vida nas aldeas (castelos, pazos e mosteiros).
Tema 9	A vida nos burgos medievais.
Tema 10	Os camiños de Santiago.
Tema 11	A crise do fin da Idade Media: os anos de fame, guerra e peste.
Tema 12	O século XVI en Galicia.
Tema 13	O século XVII en Galicia.
Tema 14 e 15	Saída de estudio.

Avaliación:

Asistencia e participación	O alumno acadará o aprobado coa asistencia e a participación activa nas clases. Será necesario a asistencia a mais dun 80 % das clases para obter o aprobado na materia.	50 %
Traballo tutelado	O alumno mellorará a cualificación coa realización dun traballo sobre un aspecto que lle interesou máis da historia de Galicia. O profesor sinalará posibles aspectos nos que os alumnos poden	50%

	afondar máis na materia e facelos obxecto dos seus traballos e dará pautas a ter en conta sobre cómo facer e entregar ditos traballos para mellorar a súa cualificación na materia.	
--	---	--

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións:

Esta guía é unha programación didáctica con carácter orientativo que pode experimentar cambios en función de eventualidades diversas que poidan xurdir na súa posta en práctica.